



Xuño 2003

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Prezo: 1'80 euros

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Galiza

O Plan Estratéxico da Pataca favorece aos almacenistas

Durante o mes de maio leváronse a cabo as negociacións entre a Xunta e as organizacións agrarias para mellorar o Plan Estratéxico para a Pataca da Limia. Polo de agora, Diz Guedes busca máis sufocar a protesta que atopar solucións definitivas para o sector. Iso, sen esquecerse de favorecer aos almacenistas. **Páx. 7**

■ Aldea Global

O SLG apoiará as protestas contra a reforma da PAC

O SLG apoiará a manifestación que terá lugar o 10 de xuño en Madrid para forzar ao goberno a frear a reforma intermedia da Política Agraria Común (PAC) que pretende impoñer Franz Fischler. O acto estará organizado por COAG. **Páx. 11**

■ Agroecoloxía

O regulamento de sementes antenta contra a biodiversidade

O novo regulamento para as sementes ecolóxicas obrigará a consultar unha base de datos oficial en Internet para saber que sementes se poden empregar. As trabas postas para recoñecer sementes autóctonas e variedades locais son un atentando contra a biodiversidade. **Páxs. 12 e 13**



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIONS
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147
Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es

A Comisión Executiva do SLG comeza a andar nun intre vital para a agricultura labrega

■ O pasado 6 de maio reuníase por primeira vez, dende que fora elixida pola asemblea do sexto Congreso, a Comisión Executiva do Sindicato Labrego Galego.

■ Comeza a traballar coa axenda ateigada e con temas transcendentais para a agricultura labrega como a reforma da PAC, a supresión do REASS ou os transxénicos. **Páxs 2 e 3**



A Vía Campesina prepara en Senegal a súa estratexia para facer fronte á OMC


A Vía Campesina organizou un obradoiro internacional na capital de Senegal, Dakar, entre os días 19 e 21 de maio, para definir a posición diante das negociacións que a Organización Mundial do Comercio (OMC) celebrará en Cancún (México) á volta do

verán. Nesta xuntanza reuníronse representantes de organizacións sindicais agrarias de América, Europa e África. Xosé Ramón Cendán, amais de participar como membro da executiva da CPE, tamén falou en nome do SLG. **Páxs. 10 e 11**

A INVASION DOS TRANSXENICOS

O Partido Popular volveu facer uso da súa maioría absoluta, o pasado 3 de abril, para impoñer unha lei coa que o resto de partidos políticos, e boa parte dos pobos de España, están en contra: a "Lei de Utilización Confinada, Liberación Voluntaria e Comercialización dos Organismos Xeneticamente Modificados (OXMs)". Deste xeito, o goberno

de Aznar rachou a moratoria adoptada polo resto de países da Unión Europea. Ademais, os transxénicos tamén foron noticia polo litixio comercial iniciado por Estados Unidos contra a Unión Europea pola moratoria que no vello continente se mantén con respecto aos organismos xeneticamente manipulados. **Páxs. 4, 8 e 9**



O SLG acada que a Xunta estudie indemnizar os danos da fauna salvaxe

O pasado 22 de novembro de 2002, un centenar de labregos e labregas vidos de toda Galiza acudían a Compostela, convocados polo Sindicato Labrego Galego, para reivindicar solucións ás perdas millonarias ocasionadas pola fauna salvaxe nas explotacións agrarias e gandeiras. Era a última das das moitas

protestas organizadas polo SLG nos últimos anos para reclamar da Xunta solucións a un problema que ten causado grandes estragos nas economías rurais. Agora, Medio Ambiente deixa de facer ouvidos xordos e está a estudar a posibilidade de indemnizar ás explotacións afectadas por estes ataques. **Páx. 5**



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións: Xosé Pérez
Rei, Gabriel López, Miguel
Méndez, Xan Pouliquen, Anxo
Pérez Rúa, Lidia Senra, Xoán
Monasterio, Silvia González e
Xosé Manuel González Vilas.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532

MELIDE - Praza do Convento nº2

ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D

MUXÍA - Antiga autoescuela de

Quintáns

CARBALLO

Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169

MAZARICOS - Bar Jurjo

SANTA COMBA

Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909

ORDES

Rúa Parque Municipal nº 32, 1º

Tlf. 981 682908

PONTE CARREIRA - Bar O Taxista

BETANZOS

Praza da Constitución nº 4, 1º.

Tlf: 981 773377

SARRIA

Calvo Sotelo nº 99, 1º 939 274186

CURTIS

Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654

MOECHE - Casa Luciano

AS PONTES - Rúa Balsa nº 28

OURENSE

Dtor. Maraño nº10, 2º esq 988 224221

fax: 988 391981

O BARCO

Local AISS Tel. 988 321511

Fax: 988326823

CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.

VERÍN

Rúa Luís Espada, Galerías Maga

Tlf. 988321511 Fax. 988326723

RIBADAVIA

CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230

Fax. 988477230

XINZO

Casa Sindical Tlf. 988 462547

CASTROCALDELAS

Sala do Sotelo de Castro

MONTEDERAMO

Local da Cámara Agraria

LUGO

Miguel de Cervantes nº47, ent.

Tlf. 982 231154

MONFORTE

Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005

CHANTADA

Praza do Concello, baixos AISS

Tlf/Fax: 982 462103

ESCAIRÓN

Local da Cámara Agraria, 1º

RIBADEO

Av. de Galiza nº20, 3º. AISS

Tlf/Fax. 982130402

LOURENZÁ

Xosé Antonio nº11, 1º. Tlf. 982 121376

VILALBA

Cidade de Viveiro nº1 ent. A.

Tlf. 982 512431

A ESTRADA

Capitán Bernal nº10, 1º

Tlf/Fax 986 573232

AGOLADA - Bar Central

FORCAREI - Casa do Concello

MEIRA

Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño

Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714

LALÍN

Arenal nº1, ent. 3. Tlf. 986 782191

SILLEDA - Bar González

TEIXEIRO

Rúa Martínez Pardo nº13, 1º esq

PONTEAREAS

Rúa Dario Bugallal nº15, 1º

Martes a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL

Rúa Ramón Franco, Edf. Rosales.



A Comisión Executiva do Sindicato Labrego comeza a súa andaina

Trataron temas como a reforma da PAC, a supresión da Seguridade Social Agraria ou os transxénicos

O pasado 6 de maio de 2003 reuníase por primeira vez no Hotel Congreso, en Ames, a Comisión Executiva do Sindicato Labrego Galego. Coa axenda ateigada de traballo, este novo órgano de xestión, nacido tralo sexto

sexto Congreso, deseñou as liñas de acción sindical para nos vindeiros meses en temas tan importantes para a nosa agricultura como a reforma da Política Agraria Común (PAC) ou a supresión da Seguridade Social Agraria.

O primeiro tema que se puxo sobre a mesa tivo que ver co funcionamento interno da propia Comisión Executiva, establecéndose unha data fixa para celebrar as reunións ordinarias, e aceptando a incorporación a este órgano como membros asesores con voz, pero sen voto, de Carme Freire, como responsábel de servizos; Xoán Monasterio, como responsábel de economía e formación, amais de secretario de actas; e Xosé Ramón Cendán, como responsábel de relacións exteriores. Tamén poderán participar nestas xuntanzas, con voz pero sen voto, os responsábeis dos diversos locais do Sindicato Labrego.

Tras valorar a realización do sexto Congreso, celebrado o 22 de febreiro, e a manifestación reivindicativa duns prezos dignos para o leite do pasado 25 de abril, as persoas que integran a Comisión Executiva centráronse nun debate sobre propostas de traballo diante



A Comisión Executiva do Sindicato Labrego reuniuse por primeira vez o pasado 6 de maio

da reforma intermedia da PAC. Neste punto, chegouse a cinco acordos: elaboración dun proxecto sobre formación para debater nunha futura executiva; elaboración dun borrador para

debater centrado na campaña sindical sobre a PAC; realización dunha campaña informativa a longo prazo sobre a PAC; tentar participar, fretando un autobús, na manifestación do 10 de xuño

en Madrid contra a Política Agraria Común; e realizar roldas de prensa sobre a proposta de reforma da PAC cando se convoque o Consello de Ministros da Unión Europea.

Axudas agroambientais, supresión da Seguridade Social Agraria, e transxénicos

Outro dos temas tratados pola Comisión Executiva foi o das axudas agroambientais, das que se deu cumprimento da información no Fouce 210. O Sindicato Labrego Galego convocará roldas de prensa para denunciar a problemática relacionada con estas subvencións; e para preguntar onde se gastaron os cartos destinados a este apartado noutros anos, moitos dos cales se empregaron en realizar plantacións forestais en terras agrarias.

Outras críticas que nas que se coincidiu con respecto as axudas agroambientais foron o orzamento ridículo que se destina este ano, a excesiva burocracia para poder

solicitalas, e o proceso de privatización a que se están sometendo os servizos públicos.

En canto á reforma do Réxime Especial da Seguridade Social Agraria (REASS), a Comisión Executiva decidiu realizar un traballo informativo para ir definindo medidas de presión que obriguen ao goberno de Aznar a modificar a lei no debate sobre os orzamentos para o ano 2004.

Finalmente, tamén se tratou a cuestión do millo manipulado xeneticamente, xa que o goberno de Madrid vén de aprobar a comercialización de diversas variedades das multinacionais Monsanto e Syngenta (Aliacan Bt, Aristis



A partir de agora a Executiva terá reunións periódicas mensuais

Bt, DKC6575, PR33967, Bra-

ma, Compa Bt e Jordi Bt). O Sindicato Labrego levará a cabo unha campaña de información para advertir a

labregas e labregos dos riscos para a agricultura e a saúde que leva canda si a utilización dos transxénicos na agricultura.

Xosé Manuel González Vilas, secretario de Acción Sindical Agrícola do SLG

“Queremos desbotar o tópico de que o Sindicato Labrego é o sindicato das vacas”


Xosé Manuel González Vilas comezou a traballar para o Sindicato Labrego Galego en 1999 como responsable da comarca do Ribeiro e técnico da Asociación de Labregos de Cortegada. Dende aquela, xa asumiu a coordinación do sector do viño, estendéndose o seu labor a outras zonas de Galiza, como as Rías Baixas ou o Condado. Dende o pasado 22 de febreiro, tralo sexto Congreso do SLG, responsabilizouse da nova Secretaría de Acción Sindical no Sector Agrícola.

■ **¿Por que se vén de crear a Secretaría de Acción Sindical Agrícola no SLG? ¿A que necesidades responde?**

No proceso histórico recente, o Sindicato Labrego acompañou os conflitos asociados cara a unha clara especialización pecuaria, no leite e na carne, que xa viña de hai moitos anos. Polo tanto, había unha certa identificación do sector produtor e unhas relacións claras de contradicción coa industria. Excepto en Ourense e outras comarcas, o vacún foi distintivo da identidade labrega, aínda que se botasen patacas ou horta.

Outros sectores como o viño e a pataca están máis localizados en determinadas comarcas, sobre todo no sur da Galiza. Na maioría dos casos trátase de labregos e labregas que abandonaron a facenda. A súa inserción no SLG, agás na Limia, foi, ata hai uns anos, feble. Os viticultores son, na maioría dos casos, traballadores da industria e do comercio, e a súa identificación labrega é máis complexa.

Sectores emerxentes como a horta ou a agricultura ecolóxica fixéronse autónomos, como orientacións profesionais no agro, polo que requiren unha atención especial que cómpre artellar. Queremos desbotar o tópico de que o SLG é o sindicato das vacas.



Santi Amil

González Vilas será o encargado de dar vida á recién creada Secretaría de Acción Sindical Agrícola

“A necesidade de dividir a acción sindical en dúas liñas era patente”

■ **¿Cando e en que circunstancias se decataron no sindicato da necesidade deste órgano?**

Como xa dixen, a orientación pecuaria dominaba no norte do país, e a implantación do SLG no sur era, polo tanto, máis complicada, polo que a consolidación das denominacións de orixe vínicas en Ourense e Rías Baixas, por unha banda; e os conflitos da pataca na Limia, pola outra, abriron un horizonte de traballo, en certa maneira novo, con problemas que requirían outra dinámica e outro método.

Foi así como se abriron, nos últimos seis anos, a maioría dos locais nas comarcas citadas; e comezou a súa andaina unha coordinación nacional da horta e dos sectores da agricultura ecolóxica, polo que se fixo patente a necesidade de dividir a acción sindical nas dúas liñas actuais.

■ **¿Cales serán as funcións principais desta secretaría?**

Coordinar sectores tan diferentes e de articulación múltiple non resulta doado. Na Limia botan patacas e cereais; no Ribeiro, case todo viño, e algo de horta; no Ulla conxugan horta, viño, froita e gandería; no Rosal, horta e viño; en Castro Caldelas,

gando e viño; etcétera. A todo isto habería que engadirlle as cooperativas, sociedades limitadas, sociedades agrarias de transformación, labregos e labregas a tempo total ou de fin de semana, colleiteiros que fan viño e vendedores de uva, persoas que se dedican á kiwicultura no Rosal, ou á floricultura para a exportación en Celanova.

Desde a Secretaría temos que abordar métodos de traballo e acción sobre problemas relacionados coa sustentabilidade económica, técnica e social destes sectores.

■ **¿Cales son as accións inmediatas que se van emprender dende a secretaría de acción sindical do sector agrícola?**

Para comezar, percorrer tódalas comarcas e identificar a situación dos diferentes sectores e problemáticas asociadas; na medida do posíbel, apoiar o traballo dos responsables comarcais e falar con afiliados e afiliadas sobre prioridades na axenda do Sindicato Labrego.

Con todo, temos na mesa unha campaña a favor dunha Lei do Viño; un Plano Estratégico da Pataca da Limia; campañas reivindicando contratos homologados nas denominacións de orixe vínicas; e máis cousas que saíran en breve.

“O principal reto é chegar aos problemas de tódolos sectores agrícolas”

■ **¿Cales son os retos da Secretaría de Acción Sindical Agrícola?**

O principal reto é poder chegar aos problemas de tódolos sectores agrícolas para abrir procesos útiles para as labregas e labregos, xa sexa para defender prezos dignos, mellorar a calidade nutritiva dos alimentos, aforrar traballo e gastos, ou incorporar mozos e mozas nas explotacións.

■ **Case nada.**

Si, sobre todo se temos en conta que na agricultura hai outros protagonistas como a industria, a distribución, a Administración ou os consumidores e consumidoras.

■ **¿Que dificultades prevé atopar para conseguir estas metas?**

A burocratización e a falta de medios fan difícil abrir procesos continuados de traballo. Cada sector é diferente, e os locais tenden a especializarse, polo que non é doado conxugar métodos únicos.

¿Como podemos optimizar as ignorancias e incapacidades existentes para abordar a crecente complexidade da agricultura? Non vai ser un proceso bo de facer.

■ **Pinta un panorama dificultoso...**

Non resulta doado atopar unha alternativa optimista ás situacións. En case tódolos sectores existe certa sensación de abatemento, mesmo de aniquilación, provocadas pola política agraria actual.

Dende este punto de vista, o Sindicato Labrego Galego ten que loitar contra esta situación ofrecendo alternativas imaxinadas dende a posibilidade do real.

editorial

Nestes momentos está en debate unha proposta da Comisión Europea para levantar a moratoria do cultivo e comercialización de transxénicos na agricultura. O goberno español, xunto con outros catro estados membros, é un firme partidario de que esta moratoria se levante, posición que tampouco sorprende demasiado, posto que o executivo que dirixe Aznar nunca respectou esta moratoria. De feito, o territorio do Estado foi durante estes anos un auténtico coador para os organismos xeneticamente modificados (OXMs) destinados á agricultura en Europa, mesmo de variedades non autorizadas.

Cónstanos que, polo menos en dúas ocasións, foron denunciadas ante a Comisión Europea descargas de variedades millo xeneticamente

OXMs: Alto risco para a saúde, o medio ambiente e a economía labrega

modificado prohibidas -unha no porto da Coruña e outra en Cataluña- e mesmo o Ministerio de Agricultura vén de autorizar cinco novas variedades de millo transxénico que poderán ser sementadas con total liberdade dentro do territorio do Estado.

Estamos ante unha decisión que vai ter consecuencias moito máis graves que as que trouxo canda si o mal das vacas tolas, pois a EEB, aínda sendo unha catástrofe, pode controlarse e erradicarse. Sen embargo, a tecnoloxía xenética é unha tecnoloxía totalitaria. Unha vez que se empecen a cultivar variedades xeneticamente modificadas xa non haberá volta atrás, porque os transxénicos son orga-

nismos vivos que se reproducen de forma autónoma e independente no medio ambiente, incluíndo aos seres humanos. A nivel agrario, a agricultura convencional, a agricultura

“Nós temos nas nosas mans o poder de deter esta barbaridade. Neguémonos a sementar organismos xeneticamente manipulados, merquemos pensos para o gando libres de transxénicos”

ecolóxica e a agricultura integrada desaparecerán, porque as plantas veranse contaminadas polos OXMs.

Neste momento, o gran debate na Comisión Europea é, precisamente, como compatibilizar os cultivos xeneticamente manipulados cos convencionais e cos ecolóxicos.

O goberno español e a Comisión Europea -se esta finalmente levanta a moratoria- van impor pola vía lexislativa uns cultivos e uns alimentos a toda a cidadanía, aínda que esta non os queira. Estamos diante dunha decisión que semella responder, polo menos no caso dalgúns gobernos, coma o español, aos intereses e beneficios das grandes empresas que se dedican á manipulación xenética. Estas empresas son as mesmas que comercializan as sementes, que

fabrican os agrotóxicos, que investigan en farmacia e que venden as medicinas. De facerse realidade, esta decisión non responderá, dende logo, á salvagarda dos dereitos, da saúde e da seguridade das persoas.

Nós temos nas nosas mans o poder para deter esta barbaridade. Neguémonos a sementar organismos xeneticamente manipulados, merquemos pensos para o gando libres de transxénicos, esixamos nas tendas produtos alimenticios que non conteñan OXMs entre os seus ingredientes; interroguemos aos vendedores e vendedoras, reivindicuemos democracia e seguridade. As guerras matan, os transxénicos tamén. Paremos ao goberno do PP.

Nos últimos tempos, puxéronse de moda as celebracións e eventos con comida contratada que abastece unha empresa: o que se chama o *catering*. Como non podían ser menos, as vacas veñen de apuntarse ao carro, e tamén os gandeiros e gandeiras reivindicán a comida *catering* para a súa facenda.

Efectivamente, o *catering* para animais o gando vacún é xa unha realidade. Consiste en que tódolos días chega un camión ata a granxa cunha mestura feita para as vacas, encargándose tamén da distribución do alimento. Estase a promover este sistema como algo moi rendíbel que aforra traballo, mellora a produtividade, e un longo etcétera que o fan semellar unha bicoca. Nembargantes, usando os datos do grupo de desintensificación do Siindicato Labrego Galego, podemos mirar o tema con outra lente que nos ofrece unha realidade ben distinta.

Para compararmos os custes entre elaborar un mesmo a alimentación, ou mercalo todo xa feito, debemos ter en conta, por suposto, a alimentación mercada;

Non temos dabondo co prezo do leite, e agora véndennos o catering

Xan Pouliquen

pero tamén os custes de produción de forraxes, e os custes da maquinaria que usamos para producir ditas forraxes. En efecto, se mercamos todo feito xa non precisamos producir forraxes nin necesitamos segadoras, fertilizadoras, etcétera. O custe no grupo de desintensificación do Sindicato Labrego foi de 869 euros por vaca e ano. Débese ter en conta que, en realidade, é algo menos, xa que aquí van incluídos os custes para alimentar ás xovencas, algo de cebo, e as vacas secas.

As empresas que fomentan o *catering* están a falar de cobrar ao redor de 4 ou 4,2 euros por animal e día para as vacas en produción, o que non inclúe as xovencas nin o período seco. No grupo, temos unha lactación media de 340 días. Esta vaca gastaría, co *catering*, 1360 euros anuais. Dito doutro xeito, estaríamos a perder con este

sistema, como mínimo, 490 euros por vaca e ano, é dicir, 14.730 euros (2.451.000 pesetas) para un rabaño de trinta vacas. E iso que o cálculo está feito sen contar o custe para xovencas e vacas secas; supoñamos, ademais, que nos quitamos o material para a produción de forraxes. Con isto, podes ofrecer un posto de traballo, si é que queres traballar menos.

Por outra banda, non podes compensar mediante a venda de millo -xa que non usas as túas terras-. En efecto, eses 1360 euros que perdes por vaca serán, supondo unha carga de dúas unidades gandeiras maiores por hectárea (UGM / Ha), un total de 2.720 euros por hectárea. Deses cartos, uns 900 euros vanse en producir e recoller o millo. Polo tanto, se queres recuperar os cartos, tes que cobrar 1820 euros a cada hectárea, o que equivale a vender o millo a 7,6 pesetas

o quilo, para un rendemento de 40.000 quilos por hectárea. Sen comentarios...

En definitiva, este sistema pretende dúas cousas: primeiro, quitarnos unha parcela máis do noso poder de decisión e, en segundo lugar, quitarnos algo máis dos cartos que malamente gañamos con este prezo do leite que temos.

É un paso máis para converternos en obreiros ao servizo da industria multinacional. Agora ben, este sistema sí que chega a ser máis rendíbel có outro para un tipo de explotacións: para aquelas que teñen un custe de alimentación alto. ¿E cales son? Pois as explotacións sen terra, intensivas. Ou sexa, que é un sistema apto para as explotacións galegas moi intensivas que, de todos xeitos, e con estes prezos no leite, teñen, moitas delas, os días contados).

As contradicións do Partido Popular

Xosé García

Os transxénicos fixeron que o goberno de Aznar volvese caer en novas contradicións que xorden de pretender favorecer os intereses das grandes industrias, por unha banda, e quedar ben diante da xente, pola outra.

Así, temos un flamante Plan Estratéxico da Agricultura Ecolóxica que Arias Cañete anunciou con rebumbio, seica para desenvolver o sector; e unha lei que lle abre as portas aos transxénicos na agricultura, rachando a moratoria da Unión Europea e ameazando aos cultivos ecolóxicos, integrados e convencionais por mor da contaminación xenética.

A outra contradición é o litixio comercial iniciado por Estados Unidos contra a Unión Europea a causa da moratoria. Polo visto, de pouco lle serviu ao PP manchar as mans de sangue en Iraq. Para ter amigos así, mellor lle tería ido a Aznar se quedase na casa en vez de ir facerse a foto ás Azores.

O SLG acada que a Xunta estudie pagar os danos da fauna salvaxe

Foi a única organización sindical da Galiza que realizou accións de protesta continuadas nos últimos anos

O pasado 22 de novembro de 2002, un centenar de labregos e labregas vidos de toda Galiza acudían a Compostela, convocados polo Sindicato Labrego Galego, para reivindicar

solucións ás perdas millonarias ocasionadas pola fauna salvaxe nas explotacións agrarias e gandeiras. Era a última das moitas protestas organizadas polo SLG nos últimos anos

para reclamar da Xunta solucións a un problema que ten causado grandes estragos nas economías rurais. Agora, Medio Ambiente estudia indemnizar ás explotacións afectadas.

O pasado 27 de abril, o xornal La Voz de Galicia revelaba que a Consellería de Medio Ambiente ten intención de comezar a indemnizar os danos causados pola fauna salvaxe.

Ao parecer, a consellería porá en marcha nos vindeiros meses varias liñas de compensacións dirixidas aos labregos e labregas afectadas por este problema. Ademais de cubrir os danos sobre explotacións agrarias e gandeiras, estas axudas tamén darán cobertura aos accidentes de tráfico provocados.

No caso das explotacións agropecuarias, haberá axudas polos ataques de lobos sobre o gando; para poder cobrar terán que cumprirse unha serie de condicións, e serán inspectores da Xunta os que fixarán as contías en cada caso. No que se refire aos danos causados polo xabaril e o corzo, Medio Ambiente engadirá un 25% ás indemnizacións que pague a Consellería de Política Agroalimentaria.



A última das accións para demandar medidas ante os danos da fauna salvaxe fíxose en novembro

Décadas de ouvidos xordos

A indiferencia da Xunta ante este problema está a provocar que moitas explotacións se atopen a piques de pechar. Aínda que hai solucións para acadar o equilibrio entre as actividades humanas e a conservación da fauna, ata o de agora non houbo vontade na Administración para facelas

realidade.

Os ataques máis frecuentes son os do lobo, o xabaril e o corzo. Existen comarcas nas que os lobos atacan continuamente ao gando. A desfeita de leiras de millo, trigo e patacas polo xabaril, ou de viveiros forestais polo corzo, é algo xeneralizado.

Sen embargo, a política actual da Xunta non aporta ningunha solución. Nin a

Consellería de Medio Ambiente, responsable do mantemento da fauna salvaxe e do seu entorno; nin a de Política Agroalimentaria, que debería indemnizar os danos, fan nada ao respecto. Isto provoca o abandono de producións coma o millo ou o trigo, e o peche de explotacións gandeiras por non poder soportar as perdas económicas producidas.

Reivindicacións en solitario apoiando ás explotacións afectadas

O SLG, como organización sindical labrega, leva varios décadas reivindicando en solitario medidas para atallar este problema.

Entre as demandas esixidas atópase a creación dun fondo para pagar os danos causados polos lobos, xabarís e corzos.

A partir disto, habería que negociar baremos de indemnización, pois os pagos non se poden limitar ao dano en si, senón que deben contemplar, ademais, o lucro cesante, os abortos provocados nos animais ou o tempo de reposición dos cultivos.

Para poder axilizar os pagos das indemnizacións, o SLG tamén pide a creación de comisións de valoración.

Unha perigosa gama de insecticidas está exterminando ás nosas abellas

Na Galiza están a desaparecer numerosas colmeas a causa da acción letal dunha nova xeración de produtos tóxicos empregados en agricultura. Entre estes, destacan o imidacloprid e o fenitrotion. Este último utilízase en insecticidas foliares para xardíns ornamentais, horta, árbores, e en fumigacións no monte.

Estes elementos químicos de altísima toxicidade pódense encontrar na composición de produtos como Escocet (tratamento de sementes de cereais, millo e pataca), Gaucho (tratamento das sementes de millo), ou

Confidor 20 (empregase na horta e nas froitas contra o pulgón e os escaravellos).

Ambos produtos están a causar estragos no sector apícola. Os primeiros síntomas de intoxicación nas colmeas prodúcense no inverno, a partires de decembro; xa na primavera, as colonias non collen forza e pódense ver a moitas abellas sobre a herba; fáltales dinamismo, perden o sentido da orientación, desaparecen masivamente, enxamean dun xeito anormal, e cambian de raíña aínda que sexa nova. Con todos estes síntomas, a penas recollen mel

e non acaparan provisiones.

Outro dos graves problemas do imidacloprid e do fenitrotion é que as súas moléculas, ao degradarse no solo, aumentan a toxicidade. Os seus efectos fanse sentir a partir de doses de 0'1 PPB (partes por billón), unha proporción tan baixa case non se pode detectar.

A contaminación agrávase porque estes elementos teñen unha grande estabilidade, polo que permanecen moito tempo na terra afectando a futuras plantas que volverán a reproducir o veneno no seu pole cando florezan.

Serias posibilidades de intoxicación para as persoas

A única solución para rematar con este problema que ten en xaque ás nosas colmeas consiste en non mercar produtos que conteñan imidacloprid ou fenitrotion.

Esta precaución debería estenderse a todos aqueles produtos que advirten que son moi perigosos para as abellas ou que teñen categoría D.

Tamén deberíamos aconsellar á nosa veciñanza para que abandone este tipo de produtos se os está a usar.

As consecuencias que pode traer o exterminio continuado das abellas son nefastas para a agricultura, pois sen insectos non hai polinización, e sen polinización non hai froitos.

Ademais, tamén existe un perigo evidente de intoxicación directa para os seres humanos. De feito, no Estado Español existen numerosos produtos autorizados que teñen categoría 2 e 3, o que vén a recoñecer que teñen substancias probablemente canceríxenas, aínda que non se demostrase por necesitarse estudos a longo prazo.

Tamén se sabe que existen produtos prohibidos que circulan clandestinamente que xa se demostrou que provocan cancro nas persoas.

O SLG defende as explotacións de Compostela na Axenda 21

A organización sindical deseñou catro programas para mellorar a situación do agro na bisbarra

O Consello municipal de Medio Ambiente do Concello de Compostela, no que participa o Sindicato Labrego aportando propostas para a mellora do sector agrogandeiro da bisbarra, está a redactar e a desenvolver

unha serie de liñas estratéxicas e programas encamiñados à mellora dos servizos municipais, à redución da contaminación, ao aforro de recursos, à diversificación económica, e a unha mellor planificación territorial.

Así, o SLG presentou, para o seu debate e posterior aplicación, unha serie de medidas que, ao redor de catro grandes programas, pretenden mellorar a situación das explotacións agropecuarias de Compostela,

As accións propostas son moi necesarias, sobre todo tendo en conta a delicada situación e indefensión na que se atopan as granxas, vítimas da presión urbanística, da falta de espazo dispoñíbel para o incremento da súa base territorial, ou da paulatina conversión dos núcleos rurais labregos en dormitorios de persoas desligadas do campo e que desenvolven a súa actividade laboral na cidade.

Dimensionamento territorial

Un dos principais problemas que teñen as explotacións agrícolas e gandeiras de Compostela é a falta de terra para desenvolver a súa actividade. Esta é cada vez máis cara, toda vez que os labregos e labregas teñen que competir coas constructoras e os



Por mor dos prezos, as explotacións de Compostela teñen serios problemas para acceder á terra

particulares que pretenden edificar. Todo isto provoca un encarecemento do valor da terra ata extremos que a fan inaccesíbel para o uso agrario.

Como medida concreta propúxose a creación dun Banco de Terras, no que entraría todo o solo agrario que non está a ser utilizado, ou aquelas terras cuxos propietarios -voluntaria-

mente- decidan pór a disposición dos labregos e labregas composteláns para seren arrendadas a prezos xustos.

Preténdese, tamén, a prohibición expresa da forestación de terras agrarias, así como a vixilancia da especulación urbanística no rural.

Deste xeito, non só se conseguiría viabilizar un bo

número de explotacións do termo municipal, senón que se reduciría a carga gandeira na superficie agrícola, diminuindo así unha posíbel contaminación por exceso de zúrros, e garantindo unha maior seguridade con respecto aos incendios forestais e nos núcleos, xa que as superficies arboradas están cada vez mais preto das casas.

Unha aposta decidida pola multifuncionalidade

O Sindicato Labrego Galego entende que se deben protexer os espazos rurais e os seus usos tradicionais, promovendo unha actividade agrícola e gandeira diversificada, capaz de dar resposta à demanda social de alimentos sans e de calidade, potenciando os circuitos curtos de comercialización como feiras ou mercados locais- e promovendo o turismo rural como actividade complementaria da actividade agrogandeira, pero nunca substitutiva.

A multifuncionalidade ten

como fin buscar a recuperación dun mundo rural vivo onde se integren a actividade humana e medio ambiente, coa creación e protección de postos de traballo no rural, e coa integración do agro compostelán no abano de ofertas turísticas -ata o de agora só centrado na cidade-.

Esta medida podería representar unha importante fonte de ingresos alternativa e complementaria para as explotacións do municipio, coa oferta dun turismo ecolóxico e respectuoso con o medio ambiente.

Agricultura ecolóxica e alternativas para evitar os cultivos transxénicos

Á marxe das axudas xa existentes, o Concello de Compostela debería ofertar axudas destinadas a orientar ás explotacións cara a modelos de produción agropecuaria ecolóxica, co obxectivo de harmonizar a actividade humana co medio ambiente, desenvolvendo prácticas respectuosas co mesmo.

Por outra banda, o Concello debería evitar, na medida das súas posibilidades, a expansión de cultivos de variedades modi-

ficadas xeneticamente, polas perniciosas consecuencias que poden traer para a saúde humana e animal, e para os cultivos tradicionais por mor dos cruzamentos con variedades convencionais.

Así, e como alternativa, o SLG pretende que se promova e subvencione o uso de variedades autóctonas, que ademais de ser as propias do noso medio, representan unha parte fundamental do noso patrimonio cultural.

Pontevedra e Amarante acolleron o sexto encontro estatal de amigos do MST

Na fin de semana do 4 ao 5 de maio, a cidade de Pontevedra acolleu o sexto Encontro Estatal de Amigos do Movemento dos Traballadores Rurais Sem Terra do Brasil (MST), que reuniu a comités de apoio e organizacións de Catalunya, Madrid, Euskadi, Asturias e Galiza.

O evento, organizado pola ONGD galega Amarante, contou coa participación de Claudio Rodrigo López, do MST de Río Grande do Sul, que deu dúas conferencias abertas sobre "O MST diante dos cambios políticos no Brasil" e "¿Que espera o MST dos grupos de apoio?"; e da secretaria xeral do SLG, Lidia Senra, que falou do traballo da Vía Campesina.

Xa o domingo, as organizacións participantes reuníronse nunha xornada de traballo na que se chegou a numerosos acordos. En principio, os grupos de apoio estatais iniciarán unha campaña de loita contra o Acordo de Libre Comercio das Américas (ALCA), ao que consideran unha tentativa de "fortalecer as políticas económicas neoliberais e a posición dominante de Estados Unidos no continente americano". A campaña terá unha primeira fase en xuño, coincidindo coas negociacións; e unha segunda entre setembro e outubro, meses nos que se prevé a sinatura do acordo. Dentro desta actividade lembrarase a situación das labregas e labregos de Europa que están a sufrir os efectos da Política Agraria Común (PAC).

Outra campaña que se levará a cabo será a relacionada cos dereitos humanos no Brasil, denunciando as matanzas de labregas e labregos a mans de terratenentes e grupos armados, mesmo coa colaboración da policía; e reivindicando diante do Parlamento brasileiro unha lei para que estes crimes sexan xulgados a nivel federal, e para que en Sao Paulo se constitúa un Tribunal Internacional que xulgue as matanzas perpetradas contra a comunidades labregas.

O Plan para a pataca da Limia da Xunta favorece aos almacenistas

O SLG denuncia que as propostas de Política Agroalimentaria non dan solución aos problemas do sector

Durante o mes de maio leváronse a cabo as negociacións entre a Xunta e as organizacións agrarias para mellorar o Plan Estratéxico para a Pataca da Limia presentado por Política Agroalimentaria. Polo de agora,

semella que a intención de Diz Guedes é máis a de sufocar a protesta social xerada pola crise, que buscar solucións definitivas aos problemas do sector; iso si, non se esquece de favorecer coas seu plan aos almacenistas.

Una das maiores sorpresas nas negociacións levadas a cabo o 16 de maio entre Política Agroalimentaria, as organizacións sindicais -entre as que se atopaba o Sindicato labrego galego-, o Consello Regulador da Pataca de Galiza, e a Cámara Agraria Provincial, foi o anuncio do delegado da Consellería, Manuel López Casas, de que os almacenistas tiñan pensado fomentar a creación dunha Agrupación de Produtores Agrarios (APA).

Nembargantes, ante a proposta do SLG de incentivar a comercialización por parte das cooperativas e asociacións de produtores e produtoras subvencionando cada quilo de pataca vendido, a resposta foi que non se podía facer *dumping* (vender por baixo dos custos de produción compensando as perdas con axudas e subvencións) porque vai en contra da normativa da competencia.



Compostela viviu unha tractorada, en febreiro, encadrada nas mobilizacións pola pataca da Limia

O mercado en mans da distribución

Para o SLG, apoiar ao sector dos almacenistas, que teñen o mercado da gran distribu-

ción oligarquizado, supón un grave perigo, xa que así pasarán a controlar totalmente a produción e comercialización da pataca na

comarca, fomentando de novo a redución de prezos e obrigando a incrementar aínda máis a produción por hectárea.

Propostas moi tímidas da Consellería

Outro dos temas importantes que se tratou foi o da loita contra a fraude, punto no que o Sindicato Labrego pedía unha normativa máis específica no etiquetado, darlle un carácter vinculante ao observatorio de prezos, e sancións para as prácticas abusivas dos prezos impostos pola distribución. Neste apartado, a Consellería alegou que a normativa de etiquetado é europea e non é da súa competencia, engadindo que xa existe unha denominación específica que cumpre con eses requisitos.

Diante da evidencia denunciada polo SLG de que non toda a pataca vendida está adscrita á denominación específica, e de que se debe controlar o etiquetado da pataca foránea, acordouse levar a proposta ao Ministerio de Agricultura e á Unión Europea para modificar a normativa.

En canto ao establecemento de contratos tipo legais ante un xuíz, acep-

touse a posibilidade de sacalos para adiante pero sen poñer cartos para o seu fomento.

Tamén se falou das infraestruturas, afirmando o delegado provincial, Manuel López Casas, que o Plan Integral de Regadío estará rematado no 2008, tendo catro fases e afectando a 12.911 hectáreas, en troques das 8.000 previstas inicialmente; nembargantes, os datos existentes ao respecto non cadran, pois os cartos destinados a plans de regadío para toda Galiza só dan para 8.500 hectáreas.

Por outra banda, contemplase ampliar a liña de axudas 613 para a instalación de sistemas de ventilación e calefacción en almacéns de pataca, pero aínda está en fase de estudo.

Tampouco se concretou a creación dun fondo de compensación para paliar futuras crises; aínda que a Xunta é favorable a esta proposta do SLG, aínda non dixo cando a fará realidade

nin cantos cartos aportará.

O funcionamento deste fondo de compensación sería semellante ao dunha mutualidade: tería que ter un mínimo de 50 mutualistas, aportar un fondo mínimo de 30.000 euros e ser xestionado por unha entidade financeira para garantir a transparencia. A Administración aportaría un 50% a maiores do que achegasen os mutualistas; para beneficiarse, habería que asegurar cada hectárea ao comezo da campaña, fixando un prezo de venda por debaixo do cal o mutualista tería dereito a cobrar do fondo.

En canto á petición de fomentar a elaboración de semente certificada de pataca propia de Galiza, a Administración afirmou que non o vai facer por conta propia, aínda que ve positivo que unha empresa privada se encargue disto. Finalmente, a Xunta pretende fomentar a produción integrada e outros cultivos rendibles.

Propaganda para acalar as protestas sociais na Limia

Para o SLG, a única intención do goberno do PP é silenciar as protestas dos pataqueiros, e non regularizar o sector para evitar as crises cíclicas de prezos.

Segundo o Director Xeral de Agricultura, Secundino Grovas, a culpa da crise é dos produtores, que non se adaptaron a un mercado competitivo; por iso, a solución pasa polo asociacionismo para reducir custos, concentrar a oferta, e poder negociar prezos directamente co distribuidor.

Nembargantes, cómpre denunciar un paradoxo: vaise apoiar a iniciativa duns almacenistas da comarca -que controlan o mercado da grande distribución de xeito oligárquico- para crear unha agrupación de produtores agrícolas. Isto supón un grande perigo de que controlen totalmente a produción e a comercialización da pataca, fomentando a redución de prezos e obrigando a incrementar a produción por hectárea.

Seguindo coas contradicións da Xunta, por unha banda pretende fomentar a calidade dos alimentos; pero pola outra non asegura unha trazabilidade dos produtos que dea garantías de consumo. Ao mesmo tempo, defende as marxes abusivas da distribución fronte a unha diferenciación de prezos pola calidade.

A proposta da Xunta só aseguraría a intensificación das producións, o que xustificaría a redución de prezos e favorecería ás distribuidoras e as súas marxes de beneficio abusivas.

O plan da Xunta deixa que a pataca siga sendo un produto especulativo, ao non regularizar prezos. Outras medidas positivas, como o fondo de compensación, son pouco fiables ao non ter nin orzamento nin prazos de execución.

O SLG ten que denunciar, unha vez máis, que este plan semella pura propaganda cun contido pouco eficiente para solucionar a problemática do sector da pataca.

O goberno de Aznar racha así a moratoria que existía no seo da Unión Europea dende xuño de 1998

O PP aproba en solitario a lei que legaliza os OXMs en España

O Partido Popular volveu facer uso da súa maioría absoluta, o pasado 3 de abril, para impoñer unha lei coa que o resto de partidos políticos, e boa parte dos pobos de España, están en

contra: a Lei de Utilización Confinada, Liberación Voluntaria e Comercialización dos Organismos Xeneticamente Modificados (OXMs). Deste xeito, o goberno de Aznar rachou a

moratoria adoptada polo resto de países da Unión Europea, provocando una nova ruptura semellante á realizada con motivo do apoio unilateral que o PP fixo á invasión xenocida de Iraq.

A decisión dictatorial do PP fai que o Estado Español sexa o único da Unión Europea no que se legalizan as plantacións de cultivos de organismos xeneticamente modificados (OXMs), algo que vai poñer en serio perigo a sectores novos cun grande futuro, como a agricultura ecolóxica; e que abre a vía para que, a través da contaminación de sementes, as variedades transxénicas invadan as leiras convencionais e se impoñan en contra da vontade das labregas e labregos da Galiza.

Estas consecuencias son previsíbeis, xa que o Estado Español non dispón de medidas de prevención contra a contaminación xenética.

Por outra banda, esa contaminación podería introducir elementos transxénicos na cadea alimentaria das persoas e, por se fose pouco, tampouco existe unha normativa eficaz para advertir á cidadanía da presenza de OXMs nas etiquetas dos alimentos.

Evidentemente, no Estado Español tampouco existen plans de control en caso de



Os OXMs están a xerar un grande rexeitamento social entre a cidadanía; na fotografía, manifestación organizada polo SLG diante do consulado francés para criticar a actitude do goberno galo neste tema

que os transxénicos causen algún dano no medio ambiente ou na saúde das persoas, e nin sequera están previstas as indemnizacións económicas dos responsables de danos causados polos organismos xeneticamente modificados.

Diante deste panorama, resulta evidente que no Estado Español non hai garantías para empregar OXMs na agricultura ou na alimentación. Neste senso, a legalización por parte do goberno de Aznar de novas variedades de millo manipu-

lado xeneticamente das multinacionais Monsanto e Syngenta, a finais de febreiro, resulta dunha irresponsabilidade política sen precedentes na política agraria estatal que podería ser o comezo de novos escándalos alimentarios.

Os intereses escuros que está a defender o Partido Popular

Non hai dúbida de que o Partido Popular está a traballar para favorecer os intereses económicos das grandes industrias da biotecnoloxía, esquecéndose, unha vez máis, que en caso de haber consecuencias negativas propiciadas por estas medidas, teremso que ser as persoas quen as suframos, pois os efectos negativos dos OXMs afectarán a toda a cidadanía, e especialmente a labregas e labregos.

Cómpre non esquecer (ver Fouce 209) que o presidente do Goberno, José María Aznar, e o seu ministro de Agricultura, Miguel Arias Cañete, son membros do Comité de Honra da Asociación Española de Bioempresas, o grupo de presión que agrupa en España os intereses económicos e políticos en materia de biotecnoloxía e transxénicos.

Os argumentos da FAO contra os transxénicos

Nun informe publicado pola Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO), agrúpanse en tres apartados as razóns nas que se fundamentan as posturas contrarias aos organismos xeneticamente manipulados: efectos negativos sobre o medio ambiente, sobre a saúde humana, e socioeconómicos.

Respecto aos efectos sobre o medio ambiente, os xenes manipulados poderían interactuar con outros organismos da natureza, causando graves problemas; por exemplo, se xenes resistentes a herbicidas se cruzasen con malas herbas ou maleza. Os xenes modificados tamén poderían sufrir mutacións perniciosas e incontrolables nos organismos.

Outro dos riscos é a interacción con poboación silvestres e locais: os cultivos modificados xeneticamente poderían representar un problema para a biodiversidade agrícola, xa que competirían, e mesmo chegarían a substituír ás variedades tradicionais e aos parentes silvestres que evolu-

cionaron para adaptarse ás presións ambientais.

Tamén podería afectar ás aves, aos insectos e á biodiversidade do solo. Ninguén sabe os efectos que podería producir o pole modificado xeneticamente no aparello dixestivo das abellas, ou os provocados polas secuencias xenéticas de novas plantas sobre os fungos e bacterias do solo. Outro posíbel efecto tería que ver coa resistencia das poboacións de insectos expostas a estes cultivos.

En canto aos efectos sobre a saúde humana, a FAO advirte que xenes alerxénicos poderían transmitirse accidentalmente a outras especies e producir reaccións perigosas nas persoas alérxicas; un exemplo disto foi a transmisión accidental que se produciu dun xen alerxénico da noz do Brasil que se transferiu accidentalmente a unha variedade de soia OXM.

Outro dos perigos latentes é a transferencia dos OXMs á cadea alimentaria, feito que xa se ten producido en EEUU co millo StarLink, que contén un biopraguicida nocivo para as persoas.

Finalmente, falando dos efectos socioeconómicos, cos OXMs as comunidades labregas poderían perder o acceso ao patrimonio vexetal. Isto é así porque a biotecnoloxía está controlada por empresas privadas que patentan os seus produtos, a pesar de estar obtidos a partir das variedades agrícolas labregas. Despois, obrigan a pagar polas sementes; algo obrigado coa tecnoloxía Terminator, que consiste en que as sementes que dan as plantas sexan estériles, de tal maneira que imposibilitan obter novas sementes da propia colleita, obrigando á súa compra en cada campaña.

Ademais, ao estar os novos organismos patentados por empresas privadas, poderíase impedir ao sector público o acceso a ese coñecemento; a isto habería que engadir o feito de que todos estes descubrimentos, en caso de ser positivos, quedarían en mans dos países ricos, pois nos que están en vías de desenvolvemento a penas existen iniciativas privadas de investigación.

A Administración Bush interpuxo a denuncia diante da Organización Mundial do Comercio

Estados Unidos inicia un litixio comercial contra a Unión Europea pola moratoria

Non contentos con esmagar Iraq, a Administración Bush, tan *amiga* do goberno de Aznar, vén de declarar-lle á Unión Europea unha guerra comercial no tema dos transxénicos. A mediados de maio, Estados Unidos presentou unha demanda ante a Organización Mundial do Comercio (OMC) pola moratoria de facto que existe na Unión Europea para aprobar novas variedades de plantas obtidas mediante enxeñería xenética. Parece ser que Canadá e Arxentina, dous dos maiores produtores de transxénicos do mundo, apoiarán a Estados Unidos nesta demanda.

A resposta de diversos colectivos non se fixo agardar. As organizacións Amigos da Terra e Greenpeace iniciaron unha campaña de envío masivo de correos de protesta ás embaixadas de Estados Unidos, e cualificaron esta acción como unha declaración de guerra contra os consumidores e consumidoras, que son "os que provocaron a caída de mercados para EEUU co



Librería Audiovisual da Unión Europea

As multinacionais están a xogar coa seguridade alimentaria das persoas co beneplácito de gobernantes como Bush ou Aznar

seu rexeitamento dos OXMs, e non a moratoria".

Nun comunicado conxunto, Amigos da Terra e Greenpeace afirman que "calquera país ten o dereito de rexeitar os organismos xeneticamente modificados e de esixir un etiquetado obriga-

torio dos derivados dos transxénicos". Ambas organizacións engaden que "a Unión Europea mantén unha posición moi ética ao defender os dereitos da inmensa maioría da súa cidadanía, namentres que a Administración Norteamericana uti-

liza a OMC para defender os intereses das empresas biotecnolóxicas, en contra dos intereses medioambientais e do dereito da cidadanía a elixir os seus alimentos".

Por outra banda, o Protocolo de Bioseguridade de Cartaxena, que entrará proximamente en vigor, engloba tódalas posturas do planeta en cuestión de intercambios de OXMs, recoñecendo riscos, aludindo ao principio de precaución, e outorgando lexitimidade absoluta aos estados para regular as importacións de OXM.

Esta acción do goberno estadounidense provocou a denuncia de organizacións ecoloxistas canadianas, e o apoio da organización dos consumidores americanos Public Citizen, que considerou que os europeos que non queren comer OXMs e temen as ameazas destes sobre o medio ambiente, "adoptaron democraticamente unha política para distinguir ben e etiquetar os alimentos que conteñen transxénicos e aqueles que non".

O Partido Popular Europeo opónse a baixar o nivel de tolerancia nos alimentos ao 0'5%

As últimas novas relacionadas cos organismos xeneticamente manipulados véñennos de Bruxelas, onde a Comisión de Medio Ambiente do Parlamento Europeo reforzou, en segunda lectura, os textos aprobados polos Quince nos pasados meses de novembro e decembro.

Estes textos eran os que facían referencia aos proxectos de regulamentos comunitarios relativos aos produtos transxénicos destinados á alimentación humana ou animal, e sobre a trazabilidade e o etiquetado.

Un dos principais debates centrouse en fixar a cantidade mínima de presenza de transxénicos nun alimen-



O millo StarLink foi protagonista dun dos escándalos máis sonados de contaminación transxénica

to a partir da cal será obrigatorio anunciarlo na etiqueta.

Os deputados e deputadas adoptaron o informe da socialista austríaca Karin Scheele, no que pedía reducir ao 0'5% ese mínimo de presenza de OXM para obrigarlle a dicilo na etiqueta; ata o de agora víñase falando dun

nivel de tolerancia do 0'9%.

O Partido Popular Europeo (PPE) foi a única forza política que se opuxo ao 0'5%. Tamén se retirou a proposta de autorizar, durante un período de tres anos, alimentos importados que conteñan ata un 0'5% de OXMs non permitidos na Unión

Europea.

A votación destas propostas está prevista para o mes de xullo nun debate que promete ser intenso, xa que o Partido Popular Europeo é maioritario no Parlamento e mantén o seu posicionamento contrario a estas liñas de actuación.

Os efectos nocivos na saúde humana: o caso StarLink en Estados Unidos

En setembro de 2000 descubriuse millo StarLink, variedade transxénica comercializada por Aventis, en produtos alimenticios destinados ás persoas. O StarLink só estaba permitido en alimentación animal e usos industriais, xa que contén un biopraguicida que pode causar reaccións alérxicas nos seres humanos, con síntomas como náuseas e shocks anafilácticos.

Os primeiros prexudicados foron os labregos que tiveron a desgracia de cultivar este millo, xa que perderon os mercados aos que vendían, tiveron atrasos nos cobros de débedas, e enfrontáronse á posibilidade das denuncias de explotacións veciñas por mor da contaminación causada.

O caso está nos tribunais, con nove xuízos en seis estados contra Aventis. Entre os demandantes atópanse miles de sucursais de restaurantes de comida mexicana ás que se lle subministraron produtos elaborados con millo StarLink, e as explotacións labregas que cultivaron a variedade.

Un dos últimos escándalos relacionados co millo StarLink produciuse en Bolivia, país que recibiu envíos de axuda alimentaria compostos por esta variedade non apta para o consumo humano. Non se trata dun caso illado, xa que os EE.UU. adoitan a enviar transxénicos como axuda alimentaria a través da Axencia Estadounidense para o Desenvolvemento (USAID).

Tamén en Nicaragua descubriron a presenza de transxénicos en remesas de axuda alimentaria destinada a mulleres embarazadas e nenos e nenas de preescolar; nesta ocasión, a orixe da axuda, amais da USAID, era Alemaña.

En Guatemala detectáronse neste tipo de partidas humanitarias tres variedades de millo transxénico prohibido na Unión Europea: Liberty Link, BtXtra e Roundup Ready.

Algo semellante ocorre tamén coa axuda alimentaria destinada por Estados Unidos a moitos países da África subsahariana.

Vía Campesina prepara en Senegal a súa estratexia contra a OMC

Xosé Ramón Cendán participou nos debates como representante do SLG e membro da executiva da CPE

A Vía Campesina organizou un obradoiro internacional na capital de Senegal, Dakar, entre os días 19 e 21 de maio, para definir, entre outras cousas, a posición diante das negociacións que

a Organización Mundial do Comercio (OMC) celebrará en Cancún (México) á volta do verán. Nesta xuntanza reuníronse representantes de organizacións sindicais agrarias de América,

Europa, Asia, e do continente anfitrión: África. Xosé Ramón Cendán, amais de participar como membro da executiva da Coordinadora Labrega Europea (CPE), tamén falou en nome do SLG.

No encontro participaron organizacións de países africanos como Malí, Níxer, Costa de Marfil, Burkina Faso, Guinea, Gambia, Senegal, Uganda, Tanzania, Congo, Ruanda, Camerún, Mozambique e Madagascar; de Europa, amais de representantes da Coordinadora Labrega Europea (CPE), tamén houbo xentes de Bélxica, Suecia, Suíza, Euskadi e Francia, sen esquecermos a Xosé Ramón Cendán, do Sindicato Labrego Galego e membro da executiva da CPE.

Completaron este mosaico de organizacións siglas agrarias de Estados Unidos, México, Nicaragua, Uruguai, Brasil, Perú, Indonesia, India, Corea do Sur e dos arquipélagos caribeños de San Vicente e Grenada.



Xosé Ramón Cendán, do SLG, saudando á Ministra de Comercio de Senegal, Aïcha Agne Pouye

Buscando unhas políticas agrícolas baseadas nos dereitos labregos

A política agrícola cuestiona os dereitos fundamentais e as aspiracións dos pobos e, en particular, das mulleres: dereito á alimentación, sa e culturalmente adaptada; dereito a producir dita alimentación; acceso aos recursos -terra, sementes, auga, cretos, etcétera-; respecto cara ao medio ambiente, métodos productivos que sexan sostibles e biodiversidade; equidade e dereito á unhas rendas dignas.

O mercado non pode garantir o cumprimento destes dereitos. É unha responsabilidade que incumbe ás autoridades públicas, ben sexa no ámbito local, ou ben nun país ou grupo de países. É a base para facer realidade a soberanía alimentaria.

Para garantir o cumprimento de ditos dereitos na agricultura, resultan imprescindibles determinados instrumentos, especialmente unha protección contra as importacións e o control da oferta.

Os prezos agrícolas deben ser suficientes para cubrir os custos de produción e ofrecer unha remuneración digna a labregas e labregos polo seu traballo.

Cómpre facilitar recursos financeiros para asegurar uns niveis axeitados para as infraestruturas e os servizos, en particular nos países do Sur.

O obxectivo da exportación non pode estar por riba dos dereitos fundamentais das persoas, xa sexa no propio país, ou con respecto a outros países.

A Declaración de Dakar denuncia as políticas agrarias neoliberais

Desta xuntanza xurdiu a chamada Declaración de Dakar, na que se fai referencia ás políticas agrícolas e a un comercio internacional solidario, sen esquecerse de criticar as estratexias da Organización Mundial do Comercio destinadas a liberalizar a agricultura a escala global. A continuación, transcribimos para Fouce a tradución ao galego de dito documento, que se estruturou en tres apartados: "Os conceptos manexados pola OMC, o mundo ao revés"; "Buscando políticas baseadas nos dereitos"; e "Buscando un comercio internacional solidario".

Os conceptos manexados pola OMC: o mundo ao revés

A liberalización do comercio agrícola e desregulamento, propugnados pola OMC, o Fondo Monetario Internacional (FMI), ou os acordos de libre cambio, son os causantes de importantes danos no mundo enteiro: a fame, o desemprego, as desigualdades, a pobreza, o deterioro dos recursos naturais vanse estendendo polo mundo rural, en particular no Sur.

As labregas e labregos vense empuxados ao éxodo rural e á emigración. En crecente medida, o seu lugar vaine ocupando a industria agroalimentaria transnacional que, ademais, acapara as súas terras.

Ao impoñer os prezos mundiais a labregas e labregos, a OMC parte dun prexuízo desmentido pola realidade, a

saber: que o mercado mundial xera resultados válidos e uniformes en tódolos países. Os prezos agrícolas non son estables, sofren unha depresión crónica e tenden a deteriorarse a longo prazo.

A OMC pretende prohibir a protección contra as importacións, un instrumento a disposición de todos, mesmo dos países pobres.

Pola contra, está a favor de instrumentos que só están ao alcance dos países ricos -axudas desacopladas da produción recollidas na caixa verde da OMC-. Entre outras cousas, isto permite branquear o *dumping*.

A suma prioridade na Organización Mundial do Comercio é a redución dos prezos agrícolas. Esta redución aplícase de dous xeitos: no mercado interno mediante a redución dos aranceis e o desmantelamento da organización dos mercados internos; e no ámbito internacional, dando prioridade á exportación que empuxa cara a abaixo os prezos abonados a labregas e labregos.

A Organización Mundial do Comercio fomenta unha competencia exacerbada entre todos e tódalas produtoras: saen perdendo a xente que produce, e o mesmo lle sucede a consumidores e consumidoras.

As únicas beneficiarias da baixada de prezos son a industria agroalimentaria e as cadeas da grande distribución. A política da OMC debilita aos máis febles e reforza aos máis fortes.

Buscando un comercio internacional solidario

O comercio é necesario. Nembargantes, non pode situarse por riba dos dereitos fundamentais.

En materia de solidariedade, o primeiro requisito é evitar que as exportacións desestabilicen os mercados internos doutros países. Debe outorgarse a prioridade ao abastecemento do mercado interno.

O acceso aos mercados debe asegurarse sen desregulación do mercado do país importador. Débese tentar eliminar tódalas formas de *dumping*.

Son lexítimas as subvencións agrícolas sempre e cando se concedan partindo dos dereitos e aspiracións dos pobos, e que non sirvan para apoiar exportacións.

As regras do comercio non poden impedirlle a un país favorecer un sistema de produción sostible, baseado nas explotacións familiares.

É preciso asegurar unha concertación e un esforzo do control da oferta nos mercados internacionais. Os países produtores e consumidores deben definir accións comúns para estabilizar os mercados e asegurar prezos equitativos para os produtos destinados principalmente á exportación. Ademais, os acordos de importación preferencia poden desempeñar un papel positivo, en particular para os países pequenos cunha economía vulnerable.

As opcións lexítimas dos poboas que rexeitan os transxénicos, as hormonas, etcétera, deben anteporse aos intereses das empresas comerciais e ser respectadas polas regras do comercio internacional.

Fronte aos riscos que presenta a negociación actual na OMC e para defender as opcións devanditas, conseguir a máis ampla mobilización das organizacións labregas e das demais asociacións da sociedade civil, constitúe unha necesidade absoluta e urxente.

Apelamos aos gobernos para que rexeiten as propostas e os conceptos presentados na OMC e para que en Cancún defendan o principio da soberanía alimentaria.

O SLG irá a manifestación de Madrid contra a nova PAC

A protesta acontecerá o 10 de xuño e contará coa organización de COAG

O Sindicato Labrego Galego (SLG) apoiará a manifestación que terá lugar o 10 de xuño en Madrid para forzar ao goberno a frear a reforma intermedia da Política Agraria Común (PAC) que pretende impoñer o Comisario de Agricultura, Franz Fischler. O acto terá lugar diante do edificio das Comunidades Europeas.

A principal fin desta manifestación organizada pola Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) será facer forza diante do goberno para que non ceda diante das presións da Comisión Europea, e rexeite a reforma e evite a aplicación de dous dos seus piares máis lesivos para a agricultura labrega: o desacoplamento e a degresividade das axudas. Para o secretario xeral de COAG, Miguel López, "o Estado Español confórmasse con exercer oposicións que sabe que non entorpecen o proceso, e non se lanzou a frear a reforma coa contundencia necesaria".

Para COAG, o desacoplamento é un dos mecanismos máis prexudicial para as explotacións, pois supón deslexitimar a actividade agraria, pois as axudas deixarían de concederse en función do traballo e da produción; o desacopla-



O SLG volverá a Madrid para facer oír as súas reivindicacións

mento sería un primeiro paso de cara á desaparición das subvencións.

Por outra banda, a degresividade recorta as axudas percibidas polos profesionais agrarios e non fai unha redistribución xusta dos fondos comunitarios, o cal "asfixiaría aos verdadeiros profesionais, labregos e labregas a título principal que son quen, realmente,

garanten un modelo que asegura a seguridade alimentaria e respectuoso co medio ambiente".

Estas protestas tamén pretenden reivindicar unha Política Agraria Común que aposte por un modelo agrícola máis seguro para a sociedade e o medio ambiente, e que siga estando baseado na solidariedade financeira.

O mal das vacas tolas dá o salto ata a cabana gandeira de América do Norte

No mes de maio detectouse en Canadá o primeiro caso de encefalopatía esponxiforme bovina (EEB), enfermidade coñecida como "mal das vacas tolas".

O positivo deuse na Columbia Británica, onde permanecen en corentena 43 explotacións; a estas habería que sumar outras catorce granxas nas rexións de Alberta e Saskatchewan.

En canto á posíbel orixe, a Axencia Canadense de Seguridade Alimentaria detectou prácticas que poderían non ter respectado a prohibición das proteínas de mamíferos na alimentación do gando vacún.

Por outra banda, a EEB

segue sendo un problema presente na gandería europea. As últimas estatísticas, que datan do pasado 12 de maio, revelaron que, no que vai de ano, confirmáronse 178 casos no Reino Unido, e 253 no resto da Unión Europea.

Entre os países máis afectados están Irlanda, con 82 casos; España, con 61; Francia, con 60; e Portugal, con 25. De manterse esta tendencia, o ano 2003 será o primeiro no que o número de casos da Unión Europea supere ao do Reino Unido. Fóra da Unión Europea tamén se deron casos en Xapón, Polonia, Eslovenia, Chipre e República Checa.

O quecemento da terra comeza a ameazar á produción agrícola mundial

Nun informe publicado, recentemente, pola revista Global Environmental Change, predícese que haberá perdas anuais de ata dez millóns de toneladas de millo como consecuencia do cambio climático provocado polo quecemento da terra. Estas perdas poderían afectar a 140 millóns de habitantes nos países en vías de desenvolvemento.

O millo é un compoñente esencial na dieta de miles de millóns de persoas en todo o mundo.

Case o 50% do subministro de millo a nivel mundial prodúcese nos países en vías de desenvolvemento, onde serve como alimento básico da poboación humana e dos animais.

Segundo o economista do Instituto Internacional de Investigación Pecuaria, Philip Thornton, a diminución da produción non acontecerá en tódalas partes nin será uniforme, senón que as altas temperaturas e o nivel de choivas fluctuarán moito dun agroecosistema a outro. Para tentar combater a curto prazo estes efectos propónse a investigacións de especies agrícolas mellor adaptadas ás secas.

Véndese a Patagonia arxentina a prezo de saldo

A crise que está a vivir Arxentina provocou nos últimos tempos que o país americano estea a vender grandes extensións de terra na Patagonia a prezo de saldo. O xornalista francés Antoine Bigo, de Liberation, facía, recentemente, un repaso das vendas máis famosas nos últimos tempos.

Por exemplo, a marca de roupa italiana Benetton mercou 700.000 hectáreas para criar ovellas; os multimillonarios norteamericanos Ted Turner e Joe Lewis, compraron sendas finquiñas de 4.400 e 14.000 hectáreas, respectivamente, para practicar o seu deporte preferido: pescar troitas.

En canto aos prezos da terra, son bastante apetecíbeis. A Fundación Ecolóxica

World Land Trust, de Inglaterra, pagou 2'8 millóns de euros pola estancia *La Esperanza*, de 7.000 hectáreas, para facer un observatorio de baleas; é dicir, que cada hectárea saíu a un prezo de 400 euros (66.554 pesetas).

Nembargantes, máis ao sur temos ofertas aínda melloras. Para os interesados e interesadas, está en venda a estancia *La Costa*, con 38.500 hectáreas e 35 quilómetros de costa sobre o Atlántico. O prezo é de ganga: un millón de euros, é dicir, que sae cada hectárea a 26 euros (4.326 pesetas). Na oferta inclúense un galpón para rapar ovellas, un xerador de electricidade, 23 muíños de vento para bombear auga, tres jeeps, varias casas e 15.000 ovellas.

O regulamento de semente ecolóxica atenta contra a biodiversidade labrega

O Ministerio de Agricultura ignorou totalmente a voz do sector e obviou as propostas presentadas

O Ministerio de Agricultura vén de aprobar un regulamento que pretende organizar todo o relacionado coas sementes empregadas en agricultura ecolóxica. Estas novas regras do xogo

obrigarán a labregos e labregas a consultar unha base de datos oficial en Internet para saber que sementes poden empregar. O regulamento, que se deseñou sen consultar co sector e

sen escoitar as súas propostas, é un auténtico atentado contra a biodiversidade polas trabas postas á hora de recoñecer e permitir sementes autóctonas e variedades agrícolas locais.

O 31 de xaneiro levantárase a moratoria para o uso de semente e material vexetativo convencional en agricultura ecolóxica.

A partir do 1 de xaneiro do 2004, as productoras e produtores que precisen mercar semente ecolóxica en cada estado membro da Unión Europea deberán consultar unha base de datos onde figurarán as variedades para as que existe dispoñibilidade no seu propio país.

Esta base de datos tamén se poñerá en común co dos outros membros da Unión e, en caso de que unha empresa teña posibilidade de abastecer a outros países, considerarase que a variedade estará tamén dispoñíbel tamén nos estados nos que poida distribuíla.

Ante a situación de desabastecemento no Estado Español de semente ecolóxica -e falta de iniciativas relacionadas coa súa produción- é previsíbel que as empresas europeas de semente ecolóxica acu-



O novo regulamento de sementes pon en perigo a biodiversidade dos cultivos locais e autóctonos

dan a inscribir as súas sementes na base de datos do Estado, polo que as sementes que se ofertarán serán de fóra.

O único traballo que se vai

facen dende a Administración, neste sentido, será ver cantas empresas de sementes hai inscritas nos distintos consellos reguladores (dúas ou tres).

Parece ser que a base de datos de sementes ecolóxica estará dispoñíbel vía Internet e, segundo a responsábel desta área no Ministerio de Agricultura, "non haberá

ningún problema para usar a base de datos, xa que hoxe en día en tódolos concellos hai Internet".

Se a variade que se quere empregar non estivera dispoñíbel, poderase solicitar unha derrogación, é dicir, un permiso para seguir usando semente ou plantío convencional, sempre que a labrega ou labrego xustifique por que ningunha das variedades dispoñíbeis da mesma especie lle serve.

Non se sabe nada de como vai ser o trámite das derrogacións, nin que criterios se aceptarán para concedelas. O que semella estar claro dende o Ministerio de Agricultura, é que no Estado Español, ao non haber previsíbelmente ningunha variedade inscrita nesa base de datos -ao contrario da situación noutros países da Unión Europea-, non haberá problemas en obter derrogacións durante dous anos. Tras ese prazo, revisarase a situación de abastecemento.

Drástica restricción de variedades en beneficio das comercializadoras

Isto vén todo disposto no Novo Regulamento de Semente Ecolóxica, que foi aprobado o día 20 de maio polo Comité de Regulamentación, e que en resúmidas contas di:

■ Hai que empregar semente ecolóxica para certificar en agricultura ecolóxica: produci-la na propia explotación ou mercala coa correspondente certificación.

■ A semente ecolóxica ten que cumprir a lexislación vixente en canto a uso e comercialización de sementes, polo que terá que estar inscrita no Rexistro de Variedades Comerciais.

■ Para poder inscribir unha variedade na base de datos estatal de sementes ecolóxicas é necesario ser provedora: operadora que comercializa sementes a outras operadoras.

A segunda destas condicións implica graves consecuencias para a biodiversidade agrícola, xa que as variedades locais non están inscritas no Rexistro de Variedades

Comerciais, porque non poden cumprir os requisitos en canto a pureza, homoxeneidade, estabilidade, etcétera, polas súas características intrínsecas; ademais do elevado custo deste rexistro, só asumíbel polas empresas. Polo tanto, legalmente, só as variedades comerciais inscritas no Rexistro se poderán usar en agricultura ecolóxica. Así, o número de variedades a empregar será máis restrinxido na agricultura ecolóxica que na agricultura convencional.

E a terceira condición supón que só as empresas de sementes poderán inscribir na base de datos ecolóxica e, polo tanto, comercializar as sementes ecolóxicas.

Este regulamento aprobouse sen consultar ao sector, xa que non houbo ningunha xuntanza co mesmo para a súa elaboración. As propostas feitas dende distintas instancias relacionadas coa agricultura ecolóxica, e a recuperación e conservación de variedades, foron ignoradas.

Un Rexistro de Variedades de Conservación en desuso

No Rexistro de Variedades Comerciais están as únicas sementes que legalmente poden existir no mercado. Nel hai un apartado chamado "Rexistro Variedades de Conservación", onde poden inscribirse especies con perigo de erosión xenética e variedades locais.

As condicións para inscribir variedades neste rexistro son diferentes, atendendo ás especificidades das sementes, e contemplando condicións para o intercambio das mesmas entre persoas que dedicadas á agroecoloxía.

A posibilidade de inscribir neste rexistro existe dende hai 27 anos, pero a Administración nunca lle prestou atención e non ten inscrita nin unha soa variedade.

Ademais, non están definidos os criterios e as condicións para rexistrar sementes, nin está claro tampouco o tema da comercialización.

A única experiencia de solicitude de inscrición neste rexistro é a de unha cooperativa andaluza, con moitos anos de traballo en recuperación e conservación de variedades locais, que intentou inscribir catro especies autóctonas de tomate, topándose con que as probas necesarias para entrar no Rexistro de Conservación son as mesmas que as que se levan a cabo para inscribir no Rexistro de Variedades Comerciais, xa que a Administración non sabe que condicións aplicar.

Unhas xornadas organizadas pola SEAE en Murcia para denunciar a problemática

No mes de maio, o Sindicato Labrego Galego participou nas sextas Xornadas Técnicas da Sociedade Española de Agricultura Ecolóxica (SEAE), que se desenvolveron baixo o título de *Recursos xenéticos e sementes na agricultura ecolóxica*.

As xornadas estiveron organizadas pola Coordinadora de Organizacións de Agricultores e Gandeiros (COAG), Rede de Sementes e a propia SEAE. Nelas, elaboráronse alegacións ao Regulamento de Semente Ecolóxica, que foron transmitidas ao Ministerio de Agricultura antes da xuntanza do Comité de Regulamentación do día 20.

As diversas alegacións presentadas reivindicaban que o regulamento posibilitase a inscrición de variedades locais ou de conservación na base de datos de sementes ecolóxicas, que haxa representación dos sectores produtor e de consumo no organismo xestor desta base de datos, que se dea a oportunidade a institucións públicas e entidades sen ánimo de lucro de inscribir variedades na base de datos, e que se exclúan os organismos patentados das producións ecolóxicas.

Cómpre dicir que a maior parte das alegacións non foron nin sequera tidas en conta pola representante española no Comité de Regulamentación, e que a proposta de regulamento non sufriu a penas modificacións.

Ademais, expúxose a necesidade de promover os rexistros das variedades locais de interese no Rexistro de Variedades de Conservación, e tratar de definir os criterios de inscrición de sementes en dito rexistro. Ante esta última proposta houbo voces discrepantes que argumentaron que isto supón facerlles un *regalo* ás casas distribuidoras de sementes, que serán as únicas que poderán comercializalas para a abastecer á produción ecolóxica.

O Craega vulnera a lei ao non convocar plenos no prazo legal

O consello presidido por Gabino Vázquez segue carecendo dun regulamento propio para funcionar

O presidente do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega), Gabino Vázquez, está volvendo a demostrar o seu talante antidemocrático ao non convocar cada tres meses, tal e como obriga a lei, os

plenos do consello. A último das sesións plenarias debería terse celebrado, a máis tardar, o pasado 27 de maio, cousa que non se fixo. Por se fose pouco, o Craega segue carecendo dun regulamento propio para funcionar.

O Craega é un organismo colexiado desconcentrado da Consellería de Política Agroalimentaria, e os plenos deberían marcar as súas liñas de traballo. O SLG entende, polo tanto, que este tipo de xuntanzas son fundamentais para traballar na promoción e desenvolvemento da produción agraria ecolóxica. Non convocar ao seu debido tempo os plenos non fai senón atrasar, máis do que xa está, o sector productivo ecolóxico galego.

A maiores, os plenos deben servir tamén para acadar o consenso nas estratexias propias do sector.

Tendo en conta as discrepancias que o SLG mantén con Gabino Vázquez na análise da realidade da agricultura ecolóxica galega, a non convocatoria dos plenos interprétase como un síntoma máis do funcionamento autoritario do Craega. Esta situación non ten nada que ver co que debería ser o Craega: un ser-



Ágatha Broeskamp e Xan Pouliquen denuncian en Monforte as actitudes de Gabino Vázquez

vicio administrativo traballando a prol da produción ecolóxica, postura que defende o SLG.

Namentres pechan moitas explotacións noutros sectores, a produción ecolóxica está a experimentar un crecemento que fai presaxiar un bo futuro para o sec-

tor e posibilidades de creación de postos de traballo. O SLG considera que Galiza dispón aínda de vantaxes comparativas que a fan potencialmente competitiva no sector ecolóxico, sempre e cando se potencien esas vantaxes, cousa que non está a acontecer.

Pola contra, o Craega dedícase a emitir propaganda mentireira e enganosa.

Ao non se reunir o pleno do Craega, nin se discute o futuro da produción ecolóxica, nin se teñen en conta as múltiples propostas do SLG para desenvolver o sector.

Unha asociación de amigos que carece de regras para funcionar

Por outra banda, o SLG quere sinalar que o Craega non ten un regulamento propio no que basear o seu funcionamento, cousa que se debería ter feito nos cinco anos que durou o consello provisional.

A ausencia deste regulamento é extremadamente grave, na medida en que deixa unha chea de eivas en canto a funcionamento do organismo.

Desta maneira, o Craega parécese máis a unha asociación de amigos, e non a un organismo administrativo, co grave prexuízo que isto significa para a produción ecolóxica.



O funcionamento irregular do Craega obrigou ao SLG a presentar unha candidatura alternativa nas eleccións para este consello

Ao non existir regulamento aprobado pola Consellería de Política Agroalimentaria, en moitos temas os produtores e produtoras están totalmente desprotexidas e desinformadas respecto das actuacións do Craega, máxime cando este organismo se pretende manexar ao antollo do seu presidente en funcións.

Coma exemplo desta situación, podemos citar o debate sobre o orzamento anual, realizado sen comunicación previa a través de documento escrito, nin comunicación documental, no pleno do 27 de febreiro de 2003, unha mostra clara de vulneración dos dereitos e deberes de información das vocais do CRAEGA.

Por un control e promoción para todos e todas

O SLG insiste en que, para o futuro do sector, é fundamental que este organismo de promoción e control se dedique, precisamente, a estas dúas tarefas para todo o sector, e non só para uns poucos. É absolutamente necesario que o Craega funcione de xeito legal, con plenos convocados ao seu debido tempo e un regulamento aprobado, para garantir un funcionamento equitativo para todos e todas; e para aproveitar a experiencia, os saberes e as opinións diversas, que darán lugar, sen dúbida, á elaboración de estratexias moito máis ricas e eficaces para o sector.

Axudas para mellorar a formación, xestión e consolidación do asociacionismo agrario na Galiza

No DOG do 13 de maio publicouse a orde pola que se amplían as liñas de axuda para mellorar a formación, xestión e consolidación do asociacionismo agrario en Galiza para o ano 2003.

Serán beneficiarias as cooperativas galegas. Só se subvencionarán os investimentos destinados ao tratamento conxunto e centralizado dos residuos das explotacións agrarias, excluídos os de carácter forestal.

Subvencionarase a construción e adquisición de inmóbeis; maquinaria e equipamento novos -incluídos os programas informáticos-; gastos de proxecto, dirección de obra e estu-

dios de viabilidade, patentes e licencias.

A contía poderá ascender ata un 50% dos investimentos realizados. Á hora de valorar as peticións, teranse en conta a capacidade de tratamento de residuos, a tecnoloxía utilizada, e a viabilidade económica e financeira, outorgando, respectivamente, 2, 3 e 5 puntos.

Estas axudas son compatíbeis con calquera outra para a mesma fin, sempre que non estea financiada por outros fondos estruturais da Unión Europea, e que o seu importe sumado ao concedido por esta orde non supere o 50% da subvención total. O prazo remata o 30 de xuño.

Fomento do emprego en empresas de economía social e promoción e divulgación do cooperativismo

Estas axudas están destinadas a cooperativas e sociedades laborais que teñan o seu domicilio ou centros de traballo en Galiza e estean debidamente inscritas no correspondente rexistro. As subvencións están divididas en cinco apartados: axudas para a adquisición da condición de socio traballador, axuda pola incorporación de socios traballadores ou de traballo, axudas para a contratación de directores ou xerentes, sub-

vención financeira e axuda excepcional.

A axuda para adquirir a condición de socio traballador está dirixida a desempregados e desempregadas inscritos como demandantes de emprego no Servicio Público de Emprego, e a súa contía pode ascender a 3.600 euros. En canto ás axudas para incorporar socios traballadores, poden chegar ata 3.000 euros por persoa. Para máis información, dirixase a calquera oficina do SLG.

Fomento da mellora de calidade na comercialización de produtos silvícolas

O DOG do 15 de maio informa sobre unhas axudas que pretenden subvencionar os investimentos en activos fixos productivos relativos ás operacións de aproveitamentos forestais, acondicionamento e transformación dos produtos forestais (madeira, cogomelos, castañas, plantas aromáticas e medicinais, e residuos forestais do monte), realizados por empresas do sector forestal, comunidades de montes veciñais en man

común ou agrupacións, legalmente constituídas, de propietarios forestais con máis de 100 hectáreas arboradas. No relativo á madeira só se contemplarán as operacións anteriores ao serrado industrial da madeira, así como investimentos en serras realizados por empresas en activo, radicadas no entorno rural, con menos de dez empregados. O prazo remata a primeiros de xullo. Máis información en calquera oficina do SLG.

Programa de promoción do emprego autónomo

No DOG do 23 de maio aparece a orde pola que se establecen as bases para os programas de promoción do emprego autónomo.

As persoas beneficiarias destas axudas terán que ser desempregadas que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en traballadoras autónomas por conta propia, sempre que

cumpran unha serie de condicións.

As axudas poderán ser de tipo financeiro, ata 3.000 euros; ou en forma de rendas para o inicio da actividade, ata 3.600 euros. Tamén haberá axudas de ata 3.000 euros para adquirir a condición de socio. Para máis información, pode achegarse a calquera local do SLG.

Tramite os seus seguros agrarios a través do Sindicato Labrego Galego

O Sindicato Labrego Galego vai ampliando a súa oferta á hora de tramitar seguros agrarios de xeito que, ademais de poder cubrir a retirada dos MER, se poida tamén dar cobertura á aparición de casos positivos

de encefalopatía esponxiforme bovina (EEB), ademais de asegurar ás vacas reproductoras e de recría.

Todos/as aqueles/as que se queiran beneficiar desta nova oferta, tanto se teñen un seguro subscrito con outras

entidades como se é a primeira vez que o van facer, poden pasar por calquera das oficinas que ten o SLG no país para consultar as condicións e avantaxes de tramitar o seu seguro a través da organización.

Segue aberto o prazo para o acceso á propiedade dos arrendamentos rústicos ata o 30 de xuño de 2003. Infórmese en calquera oficina do SLG.

Indemnizacións por sacrificio obrigado de gando

No DOG do 20 de febreiro publicouse a orde pola que se establecen as contías das indemnizacións por sacrificio obrigado de gando nos programas de erradicación

de enfermidades animais para o ano 2003. O prazo para a solicitude remata o 20 de novembro. Máis información nos locais do Sindicato Labrego Galego.

Indemnizacións ao sacrificio obrigado de gando pola EEB

No DOG do 26 de febreiro publicouse a orde pola que se establecen indemnizacións por sacrificio obrigado a causa da encefalopatía

esponxiforme bovina. O prazo de solicitude remata o 20 de novembro de 2003. Pódense informar en calquera local do SLG.

Sector:

☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... NIF:

Enderezo:.....

Tlf:..... Concello:..... C.P.:.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.

Banco / Caixa de Aforros:..... Conta / Libreta:.....

Titular da conta ou libreta:.....

Nº de sucursal:..... Poboación:..... Provincia:.....

Atentamente (sinatura)

Data

Rúa de Touro nº 21º, 2º
Santiago de Compostela

A Comisión Executiva do Sindicato Labrego Galego, reunida o pasado 6 de maio, acordou cobrar unha cota extraordinaria de tres euros

a toda a afiliación para
sufragar os gastos
ocasionados pola
celebración do sexto
Congreso do SLG.

Os cartos cobraranse xunto
á seguinte cota ordinaria.

**Durante este mes ficará
aberto o prazo para facer
a Declaración da Renda.
Os afiliados e afiliadas
poden tramitar o imposto
a través de calquera
oficina do Sindicato
Labrego Galego. O prazo
remata o 30 de xuño.**

Siguen vixentes as primas de vacún
e para o sacrificio do ano 2003

A prima especial de vacún
poderá solicitarse dende o 1
de xaneiro ata o 31 de
decembro. A prima por sa-
crificio de vacún debe solici-
tarse nos catro seguintes

meses ao sacrificio, e
poderase solicitar en xuño e
setembro, rematando o
prazo do 1 de decembro de
2003 ao 15 de xaneiro de
2004.

**Axudas á xente nova para a
mellora e modernización das
estructuras agrarias**

No DOG do 27 de decem-
bro anunciouse a modifi-
cación de bases da convoca-
toria de axudas para moder-
nización das explotacións
agrarias.

No caso das primeiras insta-
lacións de mozos e mozas

motivadas por cese anticipa-
do na actividade agraria, o
prazo remata o 30 de
novembro de 2003.

Para solicitar información
sobre os requisitos para
pedir estas axudas, consul-
tar nas oficinas do SLG.

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese
remolque para transportar rolos.
Medidas: 4'5 x 2'4 m.
Tlfn. 650 158 948

Véndese
silo de 5.000 quilos.
Tlfn. 982 164 443; chamar ao
mediodía ou pola noite.

Véndese
tractor BELAROS de 75 CV.
Tracción, cabina acristalada, 600
horas (dous anos). Preguntar por
Alfonso ou Xosefa (Cambre).
Tlfn. 981 676 408

Véndese
rotoempacadora marca MORRA.
Teléfonos 986 699 560 ou 677
461 844

Véndese
sistema de rego con motobomba
de 18 CV. Tubos de 4'.
ensiladora de millo de un rego.
Seminova
Tlfn. 981 896668; preguntar por
Xosé Manuel.

Véndese
sala de muxido de catro puntos
disposta en forma de espiña de
peixe. Case nova.
Tlfn. 981 788 210

Véndese
empacadora seminova, marca
GALLINNANI. Dous metros de
ancho.
Tlfn. 982 150 232. Chamar ao
mediodía ou pola noite, e pregun-
tar por Xesús.

Véndese
colleitadora de cereais John
Deere 952; 350 de corte. En bo
estado.
Tlfn. 981 19 98 09; preguntar
por Xosé María Varela (Oroso)

Véndese
tractor Pasquali
Tractor John Deere 1140 con
4.000 horas
Segadora Bertolini
Fresadora Agrator
Tlfn. 982 17 93 83; preguntar por
Lorenzo.

Véndese
tanque de 400 litros. Tlfn. 981
681103; preguntar por Xan.

Véndese
autocargador rotativo marca
MORRA de 20 m3.. En moi bo
estado.
Tlfn. 981 694339

Véndese
circuito MIELE
Tanque de frío de 700 litros
4 vacas
Tlfn. 981 63 04 95; preguntar por
José García (Leiro-Abegondo)

Véndese
tractor SAMEN de dúas traccións
e 85 CV. Preguntar por Ramón.
Tlfn. 981 605 714

Véndese
tractor Pasquali 996 de 30 CV,
con apeiros (fresa, arado, des-
brozador, remolque, etcétera).
Tlfn. 636 48 72 25; preguntar por
Fernando.

Véndese
autocargador-segador de marca
JUSCAFRESA, con botella na
cabezalla e descarga hidráulica.
En bo estado.
Tractor MASSEY FERGUSON
285 con cabina. Tlfn. 696
780482; preguntar por Suso.

Véndese
autocargador rotativo MORRA.
Seminovo.
Tlfn. 982 16 44 43; chamar ao
mediodía ou pola noite.

Véndese
circuito de muxido de dous pun-
tos e tanque de 500 litros.
Preguntar por Henrique en
981 19 99 23 e 666 95 26 63

Véndese
circuito de leite de 4 puntos, e
tres anos de antigüidade.
Tanque de frío de 500 litros.
639 81 22 72 / 981 79 00 94

Véndese
ovellas e anos.
Tlfn. 988 36 11 87; preguntar por
Xerardo (Irixo-Ourense)

Véndese
remolque espaxecedor de ester-
co, marca JF.
Tlfn. 982 17 74 30; preguntar por
Xosé.

Véndese
mezclador TATOMA de 6'5 m3 en
bo uso.
Tlfn. 981 808890

Véndese
sala de muxido de catro puntos
WESTFALIA
Tanque de frío tipo bañeira de
marca GAPY de 1.200 litros.
Todo en moi bo estado.
Tlfn. 981 670725

Véndese
tractor de dobre tracción en bo
estado. Tlfn. 606 045892

Véndese
empacadora LSGOGORBATI de
tamaño pequeno.
Muíño triturador de 10 Kg por
minuto. Tlfn. 982 167599

COMPRAS

Mércase
extensión grande de terreo de
(aproximadamente 30 hectáreas
en calquera lugar de Galiza.
Tlfn. 986 757187; preguntar por
Agustín.





O SLG e a Organización Galega de Comunidades de Montes asinan un convenio

A mediados do século pasado, a ditadura franquista poñía en marcha un Plan Forestal que condenou aos montes galegos a un monocultivo de especies arbóreas de crecemento rápido. Foi unha auténtica rachadura para un medio rural no que os montes, as leiras e os pastos para o gando formaban parte dunha unidade harmónica. O convenio recentemente asinado entre o SLG e a Organización Galega de Comunidades de Montes nace coa intención de darlle a volta a esta historia que ameaza con repetirse coa nova Lei de Montes do Estado Español.

Leiras, prados e montes danse a man en prol do progreso rural

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego (SLG), Lidia Senra, e o presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACMM), Xosé Alfredo Pereira Martínez, asinaron o pasado 3 de xuño, na sede do local nacional do sindicato, un convenio de colaboración entre ambas entidades.

O documento vén plasmar as afinidades existentes entre o SLG e a ORGACMM na súa concepción do medio rural galego, e o desexo de promover a harmonía nas relacións entre os montes veciñais de man común e o sistema agrogandeiro, que viven un divorcio dende que se iniciou nos anos corenta do século pasado o Plan Forestal Español, baseado na repoboación forestal dos montes con especies arbóreas de crecemento rápido como o eucalipto.

Outros puntos coincidentes na análise da situación do medio rural galego de ambas organizacións son as críticas contra a Política Agraria Común (PAC), e



A firma do convenio entre o SLG e a ORGACMM dá azos á defensa do monte de man común

contra a ocupación de terras agrarias por plantacións forestais; e o sentimento de que a Xunta de Galiza está a promover un continuo enfrontamento entre os diversos sectores rurais, en troques de propiciar unha política agrogandeira e de montes integradora e dinamizadora do medio rural.

Intercambio de medios e infraestructuras

No documento asinado, SLG e ORGACMM recoñécense como representantes privilexiados nos seus eidos de actuación e comprométese a darse a coñecer mutuamente entre os seus afiliados e afiliadas, por unha banda, e veciños e ve-

ciñas comuneiros, pola outra. Ambas organizacións compartirán infraestructuras tales como os seus locais, publicacións e servicios xurídicos e técnicos.

Outra das fronteiras de actuación que propiciará este acordo será realizar accións para promover unha relación harmónica e com-

patíbel entre os sectores agropecuario e de monte.

As dúas entidades tamén se comprometeron a levar propostas e iniciativas comúns diante de organismos, organizacións e comisións consultivas a nivel galego, estatal e europeo.

Finalmente, e para que manter vivo o convenio de colaboración, crearase unha comisión de seguimento formada por dúas persoas de cada organización, que se reunirán unha vez ao ano en sesión ordinaria, e tantas veces fose necesario en xuntanzas de carácter extraordinario, que poderán ser convocadas pola demanda dunha das partes.

Para Lidia Senra, "este convenio permitiranos sumar esforzos e avanzar no noso traballo para que a Administración tome medidas para por en marcha unha política integradora dos sectores agrícola, gandeiro e de monte". Pola súa banda, Xosé Alfredo Pereira criticou a Lei de Montes estatal que supón a desaparición do monte comunal.

A puntilla

As orixes da supresión do Réxime Especial da Seguridade Social Agraria

A supresión do Réxime Especial da Seguridade Social Agraria (REASS) ten a súa orixe no famoso Pacto de Toledo, que apoiaron a Unión Xeral de Traballadores (UGT) -sindicato ao que está asociado Unións Agrarias-, Comisións Obreiras (CCOO), e a Confederación Española de Organizacións Empresariais (CEOE) -á que pertence Xóvenes Agricultores-Asaja-. En canto aos partidos políticos que acordaron o Pacto de Toledo estaban PP, PSOE, CiU e PNV.

As organizacións asinaron un acordo, o 9 de outubro de 1996, para concretar o pacto. A raíz deste último acordo nacería, en 1997, a lei coñecida como "Consolidación e Racionalización do

Sistema da Seguridade Social".

Esta nova lei sería a base para entender a actual supresión do REASS, xa que nela dicíase, textualmente, que "as condicións que disfrutaban algúns réximes especiais rachan parcialmente o grao de solidariedade e equidade, obrigando ao resto a un esforzo superior". O parágrafo referíase a réximes coma o especial agrario, que teñen unha base de cotización inferior.


Nesta mesma lei tamén se especificaba que "se proceda de xeito gradual a aproximar as cotizacións e prestacións dos réximes especiais", e que estes "deben converxer cos dous réximes de traballadores por conta propia e por conta allea aos que se refire o Pacto de

Toledo".

O Pacto de Toledo tamén contemplaba "as peculiaridades específicas e obxectivas dos colectivos encadrados nos sectores marítimo pesqueiro, da minería do carbón, e dos traballadores eventuais do campo"; nembargantes, esquecíase das pequenas e medianas explotacións agrarias.

O decretazo do goberno de Aznar suprimindo o Réxime Especial da Seguridade Social Agraria responde, precisamente, a estas directrices que xa se marcaran hai máis dun lustro coa aprobación e beneplácito de organizacións como UGT, CCOO, CEOE, Xóvenes Agricultores ou Unións Agrarias.

XUNTA
DE GALICIA



Esta publicación recibiu
unha axuda económica da
Dirección Xeral de Política
Lingüística